ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU01004

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre o silencio administrativo e a notificación dos actos administrativos

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	6
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2001
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A relación que ó abeiro do acto administrativo se establece entre a Administración pública e o administrado vén constituír un dos aspectos de maior relevancia no quefacer cotián dunha sociedade. Para a Administración pública, o acto administrativo configúrase como o instrumento mediante o que expresa a súa vontade e pode cumpri-las diversas funcións que ten atribuídas; para o administrado, representa o fundamental vehículo da súa relación coa Administración, a través do cal vai experimentar beneficios ou inconvenientes na súa situación xurídica, nos seus dereitos ou intereses.

Dentro do ámbito xurídico e administrativo do acto administrativo, as xornadas convocadas dedicarán unha especial atención, desde un tratamento práctico, ó relevante tema da notificación e publicación destes actos, ó significado, alcance, tipoloxía e posición xurisprudencial máis recente sobre o instituto do silencio administrativo.

DESTINATARIOS

Persoal ó servicio da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

-A notificación dos actos administrativos. A súa publicación. Cómputo de prazos.
-Estudio xeral do silencio administrativo. Os actos presuntos positivos e negativos. Sistema de recursos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓNS

ACORUÑA		
LOCALIDADE: A Coruña		**INICIO / FIN:** 13/12/2001 a 14/12/2001
NUM. PRAZAS: 85	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
Salón de actos do edificio de servicios múltiples de Monelos. Salvador de Madariaga, núm. 1. A Coruña.		